



Proxecto de Toponimia de Lousame

Data de publicación: 05/09/2006 12:09:03

O Proxecto de Toponimia de Lousame estará exposto na Casa da Cultura por un por un periodo de tres meses. Durante este tempo, calquera veciño de Lousame pode pasar a revisar os planos das parroquias do concello e aportar novos topónimos ou corrixir os que xa están.

O proxecto de toponimia de Lousame está enmarcado dentro do Proxecto de Toponimia de Galicia. Este proxecto pretende elaborar unha gran base de datos a través dunha exhaustiva e coidadosa recolleita oral, transcripción e revisión científica de cada topónimo, que finalmente será:

- Catalogado segundo parámetros lingüísticos e xeográficos, para a súa utilización polos distintos organismos que traballan con información do territorio (investigación, planificación do medio, estatística, turismo, catastro, rexistro da propiedade, concentración parcelaria, rotulación, etc.).
- Normativizado lingüisticamente para o seu uso en todo tipo de documentación.
- Localizado na cartografía como elemento de identificación espacial.